

II Seminario de formación de avaliadores da ACSUG



DATAS:

- **29 e 30 de outubro de 2012. A Coruña.**

LUGAR:

- Centro Universitario de Riazor
Campus de A Coruña - R/ Almirante Lángara s/n -15011 - A Coruña
-

1. Contexto no que se desenvolve a Xornada

A avaliación da calidade universitaria, tanto das **ensinanzas** que se imparten como do seu **profesorado**, é un feito que se ven desenvolvendo dende a aprobación da LOU (*Ley Orgánica 6/2001, de 21 de diciembre, de Universidades*). A día de hoxe, existen 10 axencias de calidade universitaria distribuídas por Comunidades Autónomas, ademais da ANECA. Todos estes organismos levan a cabo procedementos de avaliación da calidade nos que se demanda a colaboración de diferentes colectivos (académicos, profesionais e estudantes) para participar nos procesos de avaliación externa das ensinanzas e do seu profesorado. Faise necesario, por tanto, a formación de colectivos que coñezan e dominen estes procesos de avaliación. Este é o fin co que ACSUG organiza este Seminario.

2. Obxectivos

- Dar a coñecer as actividades desenvolvidas pola ACSUG para a garantía da calidade na educación superior
- Fomentar a participación de **académicos, profesionais e estudantes da Comunidade Autónoma de Galicia** nos programas de avaliación da calidade a nivel nacional e internacional
- Reflexionar sobre a situación actual da universidade en España e os novos retos que ten que asumir (implantación dos títulos, internacionalización, etc)

3. Destinatarios

- Profesorado da Universidade de A Coruña
- Estudantes de grao, máster e doutoramento da Universidade de A Coruña
- Profesionais dos diferentes sectores empresariais galegos

4. Inscripcións

A partir do 19 de outubro e ata o 24 de outubro como data límite, poderase realizar a preinscripción a través dun formulario electrónico que esta dispoñible na dirección Web <https://aplicaciones.acsug.es/xornada/>. A confirmación da inscrición remitirase a cada solicitante por correo electrónico.

A aceptación farase segundo a condición de profesor catedrático universitario, catedrático de escola universitaria, titulado universitario, titular de escola universitaria, contratado doutor e axudante doutor, ademais terase en conta a orden de entrada da inscrición. Ata un máximo de 150 participantes.

O PDI deberá indicar o caso práctico ao que desexa asistir: profesorado ou títulos.

5. Certificados

A asistencia á Xornada implica o dereito de recepción do correspondente certificado expedido pola ACSUG e asinado polos órganos competentes.

6. Contido

Programa do seminario de A Coruña (29 e 30 de outubro)

29 de outubro de 2012		
9.30-10.00	Entrega de documentación	
10.00-10.30	Benvída Xesús Vázquez Abad, <i>Conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria</i> Xosé Luís Armesto Barbeito, <i>Reitor da Universidade de A Coruña</i> José Alberto Díez de Castro, <i>Secretario Xeral de Universidades</i> Julio E. Abalde Alonso, <i>Vicerreitor de Títulos, Calidade e Novas Tecnoloxías</i> M ^a Patrocinio Morrondo Pelayo, <i>Presidenta ACSUG</i> José Eduardo López Pereira, <i>Director ACSUG</i>	
10.30-11.00	O papel da axencia nos diferentes programas de avaliación José Eduardo López Pereira, <i>Director ACSUG</i>	
11.00-11.30	Puntos fortes e débiles nos procesos de avaliación. A perspectiva da axencia Miguel Anxo Santos Rego, <i>Presidente da Comisión Galega de Informes, Avaliación, Certificación e Acreditación (CGIACA)</i>	
11.30-12.00	Café	
12.00-14.00	Mesa redonda: A visión dos avaliadores externos Pablo Díez Baños (avaliación profesorado) Amparo Alonso Betanzos (avaliación profesorado) Javier González Benito (avaliación de títulos: académico) José Angel Roman Bravo Díaz (avaliación de títulos: profesional) Javier Puga Alonso (avaliación de títulos: estudante) M ^a Patrocinio Morrondo Pelayo, <i>Presidenta ACSUG (Moderadora)</i>	
14.00-16.00	Pausa	
16.00-18.30	Verificación-Modificación de títulos oficiais (Técnico ACSUG) - <i>Exposición teórica</i> - <i>Caso práctico</i> - <i>Posta en común</i>	Acreditación de profesorado (Técnico ACSUG) - <i>Exposición teórica</i> - <i>Caso práctico</i> - <i>Posta en común</i>
30 de outubro de 2012		
10.00-12.30	Seguimento de títulos oficiais (Técnico ACSUG) - <i>Exposición teórica</i> - <i>Caso práctico</i> - <i>Posta en común</i>	Complementos excelencia curricular (Técnico ACSUG) - <i>Exposición teórica</i> - <i>Caso práctico</i> - <i>Posta en común</i>
12.30-13.00	Café	
13.00-13.30	Conclusións e clausura Julio E. Abalde Alonso, <i>Vicerreitor de Títulos, Calidade e Novas Tecnoloxías</i> José Alberto Díez de Castro, <i>Secretario Xeral de Universidades</i> M ^a Patrocinio Morrondo Pelayo, <i>Presidenta ACSUG</i>	

	José Eduardo López Pereira, <i>Director ACSUG</i>
--	---